



CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA MELLORAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (2022)

Nunha aposta decidida pola internacionalización na casa e fóra dela, a Universidade da Coruña a través da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación convoca axudas para mellorar as competencias lingüísticas do estudiantado matriculado en estudos oficiais na UDC.

A realidade en que estamos inmersos impulsa a aprendizaxe multilingüe co obxecto de favorecer o desenvolvemento global e multicultural da sociedade, así como de concienciar da necesidade de colaboración e solidariedade entre os pobos.

O coñecemento dun idioma distinto ao propio contribúe de forma esencial á formación integral do estudiantado universitario e leva aparelado un descubrimento cultural que favorece a apreciación de valores distintos.

Esta aprendizaxe converteuse nun obxectivo fundamental da formación do estudiantado universitario, favorecendo o plurilingüismo, a diversidade cultural e a mobilidade fóra e dentro da UE.

1.OBXECTO DA CONVOCATORIA E DESTINATARIOS

Convócanse en réxime de concorrencia competitiva 140 bolsas para a asistencia e o aproveitamento de cursos no Centro de Linguas de inglés, alemán, francés, italiano ou portugués por procedemento de urxencia dado o inminente comezo dos cursos de verán.

Poderá solicitar estas bolsas o estudiantado matriculado en estudos oficiais na UDC que estea interesado en matricularse nalgún curso do Centro de Linguas e cumpra os requirimentos do punto 4.

A Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación subvencionará o 100% do importe dos prezos de matrícula nos cursos do Centro de Linguas. As persoas beneficiarias deberán matricularse nos cursos de verán, cursos de 1º cuadrimestre, xaneiro ou cursos do 2º cuadrimestre nos prazos establecidos e aboar as taxas correspondentes.

2. FINANCIAMENTO

Esta convocatoria finánciase coas achegas de fondos propios da UDC con cargo á partida orzamentaria 0800080030 422D 48000 por un importe total de 25.000 €,sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

3. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Os cursos organizaranse en función da demanda, mais en calquera caso ofrecerase un máximo de:

Ámbito 1. Cursos de verán

Calquera dos cursos e obradoiros de verán 2022 nas diferentes linguas e niveis ofertados polo Centro de Linguas da UDC.

<http://www.centrodelinguas.gal/gl/pag/421/cursos-veran-2022/>



<http://www.centrodelinguas.gal/gl/post/50/obradoirosdelinguaeulturaenveran/>



Ámbito 2. Primeiro cuadrimestre 2022/23

Os cursos terán unha duración de 45 ou 60 horas e desenvolveranse nas seguintes datas
ORIENTATIVAS: do 19 de setembro ao 20 de decembro de 2022

| Curso | Horario |
|--------------------------------------|------------------------------------|
| • Alemán A2.2 [en liña] | Martes e xoves, 16.00 h / 18.00 h |
| • Francés A2.2 [en liña] | Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h |
| • Inglés B1.2 [en liña] | Martes e xoves, 18.00 h / 20.00 h |
| • Inglés B2.2. [en liña] | Luns e mércores, 18.00 h / 20.00 h |
| • Italiano A2 [presencial, A Coruña] | Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h |
| • Italiano A2 [presencial, Ferrol] | Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h |

- Portugués A2 [en liña]

Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h

Ámbito 3. Cursos de xaneiro 2023

Curso

Horario

A Coruña

- Tips for Oral Presentations De luns a venres 10:00 - 12:00
- Learn How to Write an Academic Paper De luns a xoves 16:00 - 18:00
- Learn How to Write an Academic Paper De luns a xoves 10:00 - 12:00

- Alemán: preparación de exames B1 De luns a venres 10.00 - 12.00
- Francés: preparación de exames B2 De luns a venres 10.00 - 12.00
- Italiano: preparación de exames B1 De luns a venres 10.00 - 12.00
- Portugués: preparación de exames B2 De luns a venres 10.00 - 12.00

- Alemán: prepara o teu Erasmus! De luns a xoves, de 12.00-14.00
- Francés: prepara o teu Erasmus! De luns a xoves, de 12.00-14.00
- Italiano: prepara o teu Erasmus! De luns a xoves, de 12.00-14.00
- Portugués: prepara o teu Erasmus! De luns a xoves, de 12.00-14.00

Ferrol

- Learn How to Write an Academic Paper De luns a venres 10:00 - 12:00
- Workshop: Improve your speaking skills Martes e xoves 10:00 - 12:00

Ámbito 4. Segundo cuatrimestre 2022/23

Os cursos terán unha duración de 45 ou 60 horas e desenvolveranse nas seguintes datas
ORIENTATIVAS: do 30 de xaneiro ao 10 de maio de 2023

| Curso | Horario |
|---|--------------------------------------|
| • Alemán A2.2 [presencial, A Coruña] | Luns e mércores, 18.00 - 20.00 h |
| • Francés A2.2 [en liña] | Martes e xoves, 18.00 h / 20.00 h |
| • Inglés B1.2 (grupo 1) [presencial, A Coruña] | Luns e mércores, 10.00 h / 12.00 h |
| • Inglés B1.2 (grupo 2) [presencial, A Coruña] | Martes e xoves, 16.00 h / 18.00 h |
| • Inglés B1.2 [presencial, Ferrol] | Luns e mércores, 18.00 h / 20.00 h |
| • Inglés B2.2. (grupo 1) [presencial, A Coruña] | Luns e mércores, 10.00 h / 12.00 h |
| • Inglés B2.2 (grupo 2) [presencial, A Coruña] | Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h |
| • Inglés B2.2. (grupo 1) [presencial, Ferrol] | Martes e mércores, 14.30 h / 16.30 h |
| • Italiano A2 [presencial, A Coruña] | Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h |
| • Italiano A2 [presencial, Ferrol] | Luns e mércores, 16.00 h / 18.00 h |
| • Portugués A2 [en liña] | Martes e xoves, 16.00 h / 18.00 h |

Os horarios e as datas son orientativos, susceptibles de modificación. Calquera cambio publicárase na páxina web do Centro de Linguas.

4. REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Poderá solicitar a bolsa o estudantado da Universidade da Coruña matriculado nunha titulación oficial da UDC a nivel de grao, mestrado ou doutoramento que, preferentemente mais non exclusivamente, se atope nalguna das seguintes situacións:

- Que teña intención de realizar unha mobilidade internacional no curso 2023/24: o feito de aprobar o exame do curso no nivel requirido pola convocatoria de mobilidade internacional da UDC eximirá o/a estudante da acreditación do coñecemento do idioma en que se impartan estudos nas universidades de destino, tal e como se require nas convocatorias de mobilidade.
- Alumnado de dobres titulacións internacionais
- Alumnado de graos con itinerarios bilingües
- Alumnado en xeral que queira aprender linguas nos cursos de verán (ámbito de aplicación 1) ou xaneiro (ámbito de aplicación 3)

Quen solicite o curso de B1 ou B2 de inglés e o nivel A2 de alemán, francés ou italiano a terá que xustificar o coñecemento do nivel previo.

Para o nivel A2 de portugués non é necesario xustificar coñecementos previos.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre os candidatos que presenten a solicitude realizarase por unha Comisión de Relacións Internacionais, constituída por

- Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación
- Begoña Crespo García, directora do Centro de Linguas
- Evaristo Zas Gómez, director da Oficina de Relacións Internacionais

Unha vez comprobado que as solicitudes se presentaron debidamente, procederase á adxudicación das bolsas, tendo en conta a nota media do expediente académico, e ponderado co coeficiente corrector de 1,17 para as titulacións técnicas.

Esta axuda é incompatible con calquera outra axuda para o mesmo concepto. No momento da comunicación da concesión definitiva, se lles indicará aos adxudicatarios que teñen que enviarlle á ORI por correo electrónico a ori1@udc.es a declaración responsable (Anexo II) debidamente cuberta e firmada.

Crearanse tres listaxes de adxudicación das bolsas, unha para os cursos de verán, outra para os cursos de primeiro cuatrimestre e unha terceira para cursos de xaneiro e segundo cuatrimestre. Os 70 primeiros estudantes de cada listaxe recibirán a bolsa, sempre e cando xustifiquen ao final do curso o aproveitamento mediante a presentación do certificado emitido polo Centro de Linguas que indicará a cualificación final obtida. O prazo de presentación é **dun mes** dende a notificación de retirada do diploma e farase preferiblemente por correo electrónico ao seguinte enderezo ori1@udc.es. As bolsas que non se concedan nun prazo poderán acumularse para ser concedidas nos prazos seguintes.

O resto dos solicitantes aparecerán nunha listaxe de agarda e as bolsas iranse adxudicando, de ser o caso, na orde nela establecida.

A non xustificación do aproveitamento implicará a exclusión da listaxe do beneficiario. Aqueles solicitantes que por calquera motivo non obtiveran o título/certificado, deberán en calquera caso, presentar o resgardo de pagamento de matrícula, co obxecto de non ser excluídos nas dúas seguintes convocatorias destas bolsas.

6. SOLICITUDES

A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación.

- Impreso de solicitude (Anexo I)
- Modelo de alta de datos bancarios (Anexo II)
- Documentación acreditativa do nivel previo requirido no punto 4, de ser o caso
- Copia do expediente académico que o estudante pode descargar da Secretaría Virtual no que figura a media do expediente

7. PROTECCIÓN DE DATOS: Normativa xeral relativa á protección de datos persoais da UDC. Aprobada polo Consello de Goberno de 23 de xullo de 2019.

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A solicitude dunha destas bolsas na Universidade da Coruña

implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade, de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD). Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e no Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais. A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderaos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Maestranza 9, 15001. A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, xunto cunha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

8. PAGAMENTO DAS BOLSAS

Ao finalizar o prazo de presentación das solicitudes e de reclamacións e renuncias, resolverase a convocatoria e iniciarase a tramitación do pagamento por transferencia bancaria, unha vez recibido o certificado de asistencia e superación do curso. De non presentalo no prazo estipulado no punto 5, non se recibirá a bolsa.

9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Esta convocatoria permanecerá aberta dende o día seguinte da súa publicación e até:

- 10 de maio para os cursos de verán
- 6 de setembro para os cursos do primeiro cuadrimestre
- 12 de decembro para os cursos de xaneiro e segundo cuadrimestre

As listaxes dos beneficiarios saíran publicadas:

- 13 de maio para os cursos de verán
- 13 de setembro para os cursos do primeiro cuadrimestre
- 16 de decembro para os cursos de xaneiro e segundo cuadrimestre

As solicitudes presentaranse preferentemente no Rexistro electrónico da UDC, no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza, 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus da Coruña ou do campus de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol). Asemade, poderán presentarse por calquera dos procedementos previstos no Artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para máis información:

Oficina de Relacións Internacionais/Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación

Tel: 981 167 000 (ext. 1951)

Correo electrónico: ori1@udc.es

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

Convocatoria de bolsas para mellorar as competencias lingüísticas do estudiantado da
Universidade da Coruña

ANEXO I

Impreso de solicitude

| |
|--|
| APELIDOS E NOME: |
| DNI: |
| ENDEREZO ELECTRÓNICO: |
| CENTRO UDC: |
| TITULACIÓN: |
| CURSO QUE REALIZARÁ NO CENTRO DE LINGUAS: |
| MOTIVACIÓN DA SOLICITUDE: Cursos de verán Cursos de xaneiro Titulación bilingüe Dobre titulación internacional Mobilidade internacional Outros (especifíquese o motivo): |

Documentos que achega:

Modelo de alta de datos bancarios

Documentación acreditativa do nivel previo requirido (de ser o caso)

Copia do expediente académico

A Coruña, _____ de _____ de 2022

Sinatura da persoa solicitante _____

Todos os datos de carácter persoal serán procesados de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

SR. DIRECTOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Nome e apelidos)..... e con DNI.....,
declara:

Que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para os cales se solicita esta bolsa

Sinatura

En A Coruña a

SR. DIRECTOR DA OFICINA DE RELACIÓNS INTERNACIONAIS